



Ponteceso III, 2, Vecerán (Cambre), Manuel 73 anos  
Marzal 1980

CD 138,12

- N. III -

III, 2, 305.

- 1) Teño nena máis bñita  
que posea nesta terra  
se non fora que lle faltan  
na mitá das dúas orellas.
- 2) Pero si non fora eso  
outras cousas que non digho  
todó mundo quería  
astá os perros do moquillo.
- 3) Ademais era moi rica,  
tiña ghrande capital-e  
que lle tocou un pucheiro  
pola parte de seu pai-e.
- 4) O pucheiro non valía  
xa lle faltaba un cachiño  
que llo comeran es ratos  
pensando qué era touciño.
- 5) Por qu'andaba tan fregado  
ahora lle vou contar-e  
había máis de dez anos  
que non se debía lavar-e.
- 6) Porque tiña unha ghordura  
por dentro e tamén por fóra  
que se podían plantar-e  
os repolos da escarola.
- 7) Aghora por sua mai  
levou un ghran capital-e  
un pañuelo todo roto  
e un baño prá mexar-e.
- 8) Tamén levou outras cousas,  
esto é morrer de risa:  
un pote todo furado  
i a faldrá dunha camisa.

W 141 a  
(Teñech' un can)

W 125 a



Museo  
do Pobo  
Galego



Instituto de  
Estudos das  
Identidades

Ponteceso III, 2, Vecerán (Cambre), Manuel 73 anos  
CD 138,12 Marzal 1980

- N. III -

III,2, 305  
cont.

- 9) Pero ~~inda~~ queda máis  
que agora logho direi-e:  
doulle unhas ghatas prenadas,  
dous platos e unha sartén-he.
- 1' 30" 10) A sartén xa non valía,  
toda estaba remendada  
astra con tapóns de trapos  
e tiña a trangallada.
- 11) E por último deixoulle  
o curral detrás da casa  
{cheo de palla dun veciño  
{que estaba toda mollada.  
{Que chovía coma fôrca,  
{non tiña unha tella sana,  
{acabouse o capital-e  
{da filla da tía Pancha.
- 12) El <sup>o</sup> ver que tanto tiña  
determinou de casarse  
porque co dela e co del  
pasaban a vida en grande.
- 13) Foi él e díxolle a ela  
vouche conta-lo que eu teño  
por herencia de meu pai-e  
deixoun un pantalón vello.
- 14) Un sombreiro todo roto  
e unha vara de fresno  
prá che ~~medra~~ medra-las costrelas *mede-*  
cando non andes ó xeito.
- 15) Tamén me deixou un cacho  
de cordel mui delghadiño  
prá que me afoghe con él  
cuando me vexa aburrido.



Museo  
do Pobo  
Galego



Instituto de  
estudos das  
identidades

Ponteceso III, 2, Vecerán (Gambre), Manuel 73 anos  
CD 138, 42. Marzal 1980

- N. III -

III,2,

16) Tamén me deixou unha cama  
que ~~tamén~~ <sup>taba</sup> moi ben feitaña  
por lle non pór varandas  
na mesma cociña.

qu'a 17) Tamén me deixou un pote  
~~que~~ <sup>qu'a</sup> campana de Toledo  
non levaba tanto caldo  
porque de grande pon medo.

3'05" 18) Solo qu'ahora está roto  
e non te outro servicio,  
solo vale prás cighñeñas  
pra poder face-lo nido.

19) Xa ostedes poden ver  
as riquezas destes dous-e  
que dormían na cociña  
por no encherlo xargón-he.

20) Depois de ser tan bos mozos  
que eran un encanto os dous-e  
él parecía un pelexo  
ela un zoco dos ~~terrosos~~ de'arrece

21) Depois de ser tan ben feitos  
tiñan os ollos chorosos  
(él dun ~~mal~~ <sup>mancha</sup> da vinaghre)  
ela dos dous laghañosos.

3'50"

fin